



Convocatoria Concurso oposición extraordinario 2023

DATOS RELEVANTES DA CONVOCATORIA

Publicación no DOG: prevese que se publique o 28 de decembro.

Prazo de solicitudes: a intención inicial era que fose nos 15 días hábiles posteriores á publicación no DOG, rematando o 19 de xaneiro. A CIG-Ensino solicitou que o prazo non se abra até a reincorporación ás aulas no mes de xaneiro. Estudarán a nosa proposta.

Realización das probas selectivas: a data prevista é a partir do 22 de xuño de 2023.

Exención da obriga do persoal interino a presentarse: a redacción da disposición transitoria cuarta pactada en xuño polos demais sindicatos e a Consellaría provoca que moito profesorado interino que puidese entender que non tiña expectativas no concurso se presentase igual para evitar problemas no caso de ter que reclamar unha compensación no caso de cese. O normal sería que a propia Xunta autorizase que non presentase neste concurso oposición, sobre todo no caso de ter participado no concurso de méritos excepcional, non vai ter efectos nunha posíbel compensación por cese. Non se prevén cambios ao respecto no texto da convocatoria.

Quenda para persoas con discapacidade. As 46 prazas que se ofertan completan, xunto coas 44 do concurso de méritos de estabilización, o 7% de prazas que fixa a lei.

Finalización do proceso e toma de posesión. A Consellaría informa dun cambio que van introducir na orde para deixar aberta a posibilidade de que o remate do proceso selectivo e, por tanto, a toma de posesión e comezo da fase de prácticas se retrase par alén do 1 de setembro. Explican que, unha vez que saiban canta xente se matricula, tomarán a decisión de que facer en casos de especialidades nas que haxa un número moi reducido de prazas e moitas persoas aspirante. Poñen un exemplo: só hai 1 praza de Primaria. Poden optar porque haxa moitos tribunais, co número habitual de persoas por tribunal ou que haxa poucos ou mesmo un só. Se optan por isto último as oposición estenderíanse ao longo dos meses de setembro e, incluso, outubro.

OFERTA ORDINARIA DE REPOSICIÓN

Oposicións ordinarias de taxa de reposición: como xa anunciou a Consellaría hai meses non haberá oposicións ordinarias até 2024 e serán co sistema vixente nos últimos anos.

A Consellaría está barallando a posibilidade de que non haxa incorporacións nas listaxes de interinidades cos opositores que non obteñan praza no 2023.

A Consellaría avanzou esta posibilidade que, de confirmarse, se debatería nunha Mesa no mes de decembro.

A CIG-Ensino considera que apoiar unha decisión destas características só se pode facer con toda a información enriba da Mesa. Temos que saber cal é a previsión de chamamentos para o que queda de curso e como poden quedar as listas. É posíbel que haxa algunhas especialidades nas que non vaian ser necesarias novas listas ao ter xa moito persoal nas actuais. A Consellaría só informou de que no curso actual aínda non abriron moitas especialidades ao ter aínda moita xente sen traballo.

SOBRE O TEXTO DA CONVOCATORIA

Cuestións xerais do proceso selectivo

Prazo de solicitudes. Como xa expuxemos nunha Mesa anterior, o ideal sería que o prazo de presentación de solicitudes se puidese abrir unha vez publicada, cando menos, a lista provisional de persoas que superaron o concurso de méritos

excepcional. Deste xeito moito profesorado interino non se vería forzado a participar ao ter case a certeza de que vai obter praza no concurso. Sería unha medida positiva para este profesorado, que non tería que pagar unhas novas taxas innecesariamente, e para a propia administración, que vería reducido o número de aspirantes e por tanto de tribunais e, por suposto, para o conxunto

de opositores e opositoras. De non aceptar esta proposta cremos que o lóxico é abrir o prazo coincidindo co reinicio das aulas en xaneiro. En ningún caso estamos de acordo con que o prazo coincida co descanso lectivo de Nadal.

A Consellaría estudará a nosa proposta de xaneiro mais descarta a posibilidade de facelo máis adiante. Informan de que a súa previsión de publicación da resolución provisional do concurso excepcional é que non sexa antes de mediados de marzo. A intención é poder resolver definitivamente antes de que comecen as oposicións do verán de 2023.

Currículos para a unidade didáctica. Tendo en conta a entrada en vigor parcial da LOMLOE nos cursos impares e que nos pares xa estarán en vigor no curso próximo entendemos que se debe aclarar que os currículos de Primaria, ESO e Bacharelato serán os da LOMLOE. Neste sentido deben actualizarse as rúbricas porque fan referencia a estándares.

A Consellaría considera razoábel a nosa proposta e así o trasladará aos tribunais.

Anonimato e corrección do exame teórico. A CIG-Ensinodefende que a proba teórica sexa anónima e tal e como está redactada a orde non hai lectura do exame.

A Consellaría informa de que se trata dun erro: non aceptan que sexa anónima e haberá lectura por parte do persoal opositor como vén sendo habitual nestes últimos anos.

Parte B1 (Unidade didáctica). A CIG-Ensinofentende que, co texto do Real Decreto e da propia orde, está claro que as opositoras e opositores poden levar consigo a unidade que van defender. Solicitamos que se nos confirme. De ser así, podería reducirse o tempo dunha hora para preparar algo que xa está elaborado.

A utilización de material auxiliar ten que ser o máis concreta posíbel para evitar agravios comparativos. A redacción é ambigua: poderase utilizar material “sempre que o autorice o tribunal”. Esa autorización debe preceder o inicio das probas e publicarse na web con suficiente antelación.

A Consellaría confirma que a UD pode levarse feita e que revisará o tempo porque consideran que pode ser excesivo e que se pode axilizar o proceso.

Duración do exercicio práctico (B2) nas especialidades que o teñan. Debe indicarse que esta información, como todo o relacionado co

proceso selectivo, debe darse unha semana despois da constituición dos tribunais.

Probas prácticas adaptadas á realidade docente.

Nas especialidades nas que hai probas prácticas, estas deben estar axustadas á realidade do que se imparte nas aulas, con casos prácticos cos que se van atopar no día a día das aulas. Hai que partir de dous criterios básicos: os contidos sobre os que se fai a parte práctica deben estar nos temarios mais non poden estar desfasados.

Baremación de méritos. Insistimos en que debe ser feita por unha comisión técnica, liberando desacarga burocrática ao tribunal. A documentación dos méritos debe facerse inicialmente e para todos as aspirantes. Non se debe facer pública até que remate a fase de oposición. Neste momento, con todo o traballo que quedará feito da baremación do concurso excepcional, terase moito avanzado. Débese eximir da obriga de presentar documentación acreditativa dos méritos alegados cando xa obre en poder da Consellaría. Teñamos en conta que todo o persoal interino que se presenta ao concurso de estabilización xa acaba de actualizar todo para o concurso de méritos. Non ten sentido que teñan que facelo de novo.

Aínda que non aceptan constituír unha comisión técnica si se comprometen a introducir un cambio na orde para indicar que as persoas que participaron e foron baremadas no concurso de méritos excepcional non precisarán achegar ningunha documentación se están de acordo co baremo que figure no apartado de “expediente electrónico”.

Citación das aspirantes. Base 10.3.3. Ampliar a un mínimo de 48 horas. **Non contestan.**

Competencia en lingua galega. Solicitamos a realización dunha das probas en galego, co obxectivo de demostrar a aptitude e a competencia para impartir docencia na nosa lingua. **Non contestan.**

Tribunais e comisións de selección

Estas van ser unhas oposicións nas que cambiará o de “repartir as prazas por tribunais” por “haberá varios tribunais para unha praza”.

Nesta convocatoria hai un cambio moi relevante en todo o relacionado cos tribunais, que pasan claramente a un segundo plano, asumindo as funcións máis relevantes as “comisións de selección”. Estas comisións serán as que elaboren os exercicios nas especialidades con parte práctica (B2), así como a determinación dos criterios de

avaliación. Iso non impedirá que poidan existir diferenzas á hora de avaliar en cada tribunal que poidan determinar o resultado do proceso.

Se ben parece lóxico pensar que exista un papel especial de coordinación entre tribunais, tendo en conta as poucas prazas que se ofertan neste proceso extraordinario, e que **en moitos casos vai haber especialidades con máis tribunais que prazas**, co que estamos totalmente en desacordo é con que estas comisións estean formadas polas presidencias dos tribunais, nomeadas a dedo pola administración.

A CIG-Ensinu propuxo que a comisión de selección fose seleccionada por sorteo de entre todos os integrantes dos tribunais.

A Consellaría non acepta a nosa proposta e manterá o texto tal e como está.

A Consellaría debe **revisar as actuacións dalgúns tribunais das últimas oposicións** e non nomear presidencias que causaron problemas ou incidencias que non se deberían repetir.

Autorización de suplencia dos tribunais. Base 7.6.4. Seguimos a reclamar un trato especial para os casos de **conciliación**. Solicitamos ampliar as suplencias para un dos proxenitores que teña un fillo ou filla menor de tres anos así como quen teña familiares dependentes de primeiro grao ao seu cargo ou familiar incapacitado xudicialmente para o que teña sido nomeado titor/a legal. No caso das **direccións** propomos que se poida autorizar a suplencia a un membro se dous ou máis teñen que formar parte de tribunais. Hai que garantir que cando menos dous membros de cada equipo directivo poidan estar no centro. **Non van incluír ningunha das nosas solicitudes.**

Criterios de avaliación. Base 7.10.1.c. Deben ser claros, públicos e idénticos para todos o tribunais da mesma especialidade. Non abonda con indicar que teñen que ser públicos antes do inicio da 1ª parte da proba. Debe indicarse un prazo non inferior a 15 días.

Puntuación provisional da fase de concurso e prazo de reclamacións. Base 11.3.2. No caso de reclamacións, debe existir sempre resposta. Hai que garantir a máxima transparencia e garantías nunhas oposicións.

Baremo

O baremo, que ten un carácter extraordinario e **só terá vixencia para esta convocatoria**. É un baremo fixado polo Ministerio e recollido na modificación

do RD 276/2007 de ingreso e acceso na función pública docente. Ao respecto de consideracións xerais deste sistema excepcional derivado do cumprimento da Lei 20/2021 [a CIG-Ensinu ten unha posición e un intenso traballo sobradamente coñecidos](#), como tamén sobre o baremo, co que [discrepamos abertamente](#).

Todo o que tiñamos que alegar ao baremo xa o trasladamos nas negociacións previas, **tanto a nivel do Ministerio como na Mesa Sectorial** na que se debateu a convocatoria do concurso excepcional. Convén, con todo, lembrar que fomos a única organización sindical que formulou propostas concretas e completas ao baremo, tanto do concurso como do concurso oposición.

A disposición complementaria cuarta (fase de oposicións aprobada) non ten sentido, xa que ao ser a puntuación 0,75 puntos por unha oposición aprobada, non se pode puntuar máis de unha, ao ser a puntuación total do apartado 1 punto.

Confirman que se trata dun erro e que o van modificar. Só se pode obter 1 punto e, por tanto, escusan facer referencia a un segundo aprobado.

O baremo debe incluír as mesmas condicións que aparecen nas disposicións complementarias do concurso excepcional; por exemplo, a puntuación do tempo traballado en Orientación ou Prácticas e Actividades, para así manter a coherencia en dous procesos nos que a puntuación parte dos mesmos criterios. **A Consellaría acepta a nosa proposta.**

Discriminación da formación no noso propio idioma. Queremos destacar o noso total rexeitamento a que se repita de novo a exclusión de formación ou titulación en lingua galega cando se pode acreditar a validación do CELGA-4. Vai ser o primeiro concurso oposición, logo da decisión tomada na convocatoria do concurso excepcional, no que se discrimina o interese do futuro e actual profesorado por ter unha maior competencia na nosa lingua. Unha persoa que cursara o bacharelato en Galiza ten a validación do CELGA-4. Se usa esta validación debe ter dereito a que se lle puntúe o C1 da EOI ou un curso de perfeccionamento. A mensaxe que traslada a Consellaría con esta negativa é totalmente contraria ao noso idioma. Quen cumpre o requisito por unha vía debe poder puntuar por outras.

Recoñecen que é un tema legalmente discutíbel mais non van mudar de parecer e manterán o que regularon para o concurso de méritos.

CONCURSO OPOSICIÓN. SISTEMA EXTRAORDINARIO. 2023

Fase de oposición

Valor ponderado: 60%

Pásase á fase de concurso cunha nota mínima de 5.

Parte A: coñecementos específicos (cun número de temas a elixir segundo temarios: 3 con 25 temas, 4 entre 26 e 50 ou 5 con máis de 50).

Tempo: 2 horas.

Ponderación: nota x 0,5.

Parte B: coñecementos didácticos e prácticos. Nota do conxunto do apartado B: x 0,5

B1. Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica.

Tempo: 1 hora de preparación e 45 minutos de exposición

Ponderación: nota x 0,5

B2. Exercicio de carácter práctico en especialidades de FP, do corpo de música e artes escénicas e do corpo de artes plásticas e deseño (agás H^a da Arte)

Tempo: a determinar polos tribunais.

Ponderación: nota x 0,5.

Fase de concurso

Só se acada esta puntuación sumando méritos nos tres bloques de puntuación: **10 puntos entre os tres e en total.**

Experiencia previa

- Máximo **7 puntos**
- Só se teñen en conta os **10 anos** máis favorábeis
- **0,7 puntos/ano** na especialidade do corpo ao que se opta. Centros públicos.
- **0,35 puntos/ano** noutras especialidades do mesmo corpo ao que se opta. Centros públicos
- **0,125 puntos/ano** noutras especialidades doutros corpos ao que se opta. Centros públicos.
- **0,10 puntos/ano** en especialidades do mesmo nivel ou etapa ao impartido polo corpo ao que se opta. Outros centros.

Formación académica

- Máximo **2 puntos no apartado**

2.1. Expediente académico no título alegado.

En función da nota media. 1 punto (nota de 6 a 7,5) e 1,5 (de 7,51 a 10)

2.2. Posgraos e doutoramentos

2.2.1. DEA ou mestrado: 1 punto

2.2.2. Doutoramento: 1 punto

2.2.3. Premio extraordinario de doutoramento: 1 punto

2.3. Outras titulacións universitarias

2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo: 1 punto

2.3.2. Titulacións de segundo ciclo: 1 punto

2.4. Titulacións de ensinanza de réxime especial e de FP.

a) Por cada título de profesional de Música ou Danza: 0,5 puntos

b) Por cada certificado de nivel avanzado (C1 e C2) ou equivalente das EOI: 0,5 puntos

c) Por cada título de T. Superior de Artes Plásticas e Deseño: 0,2 puntos

d) Por cada título de T. Superior de FP: 0,2 puntos

e) Por cada título de T. Deportivo Superior: 0,2 puntos

2.5. Dominio de idiomas estranxeiros. Por certificados de nivel avanzado C1 e C2 de idiomas estranxeiros expedidos por entidades acreditadas: 0,5

Os certificados de nivel C1 e C2 dun mesmo idioma, ben sexan polo apartado 2.4 (EOI) ou 2.5 (outras acreditacións) só se valoran unha soa vez nun ou noutro apartado.

Outros méritos

- Máximo **1 punto**
- **0,75 puntos** por ter superado a fase de oposición na mesma especialidade á que se opta desde 2012.
- Máximo **1 punto** por formación permanente.